Para que serven as tarefas?

A **tarefa** é unha das ferramentas que serven para recoller o traballo dos alumnos dunha materia. O profesor plantexa o enunciado e os alumnos traballarán sobre o mesmo para, finalmente, enviar unha solución ao plantexamento feito no enunciado da tarefa.

O módulo **tarefa** permite aos alumnos subir documentos en prácticamente calquera formato electrónico e estes documentos quedan almacenados para a súa posterior avaliación por parte do profesor á que tamén poderá engadir un "feedback" ou comentario que chega de forma independente a cada alumno mediante a mensaxería.

A solución a unha **tarefa** non ten que consistir necesariamente en subir uns ficheiros á plataforma (aínda que éste é o uso máis habitual), senón que existen tarefas nas que o alumno pode escribir directamente a solución no propio EVA ou que servirán para coñecer o enunciado, datas de entrega e calificación dos traballos entregados físicamente na aula.



Como se crea unha tarefa?

1. Dende a páxina principal do curso, "**activar edición**".
2. No tema que se desexe pulsar sobre "**Engadir unha actividade ou un recurso**"
3. Seleccionar a actividade tipo "**Tarefa**"
4. Finalmente, plusar o botón "**Engadir**"

Os distintos aspectos que se poden configurar, clasifícanse por apartados:

Xeral

Nome da tarefa = Introduce un nome como título para esta tarefa.

Descrición = Introduce un pequeno texto a modo de descrición da tarefa.

Disponibilidade

Permitir entregas de = Se está activado, os alumnos non poderán facer entregas antes desta data. Se está desactivado, os alumnos poderán comezar as entregas de inmediato.

Data límite = Isto é cando venceu a tarefa. As entregas aínda se permitirán despois desta data pero calquera tarefa entregada tras esta data marcarase como atrasada. Para evitar entregas despois dunha certa data, estableceza a data de corte da tarefa.

Data de corte= De estar definida, a tarefa non aceptará entregas despois desta data sen unha prórroga.

Amosar sempre a decrición = Se NON está activado, a descrición da tarefa anterior só será visíble para os alumnos na data "Permitir entregas de".

Tipos de entrega

Entregas de ficheiros = Se está activado, os alumnos deberán enviar un ou máis ficheiros como entrega.

Texto en liña = Se está activado, os alumnos deben escribir un texto (texto enriquecido) directamente nun campo do editor para a súa entrega.

5.6. Anotacións nos PDFs entregados como tarefa

Anotacións nos PDFs entregados como tarefa



Anotacións nos PDF das tarefas

Para os casos nos que o alumnado entrega un PDF como solución a unha tarefa, as tarefas de tipo *entrega de ficheiros* incorporan a funcionalidade de poder corrixir directamente e facer anotacións sobre o propio arquivo PDF entregado polo alumnado.

Desta maneira, o profesorado pode realizar correccións directamente sobre o traballo entregado polo alumnado (sempre que sexa en formato PDF) e o propio alumnado poderá ver estas correccións como complemento á nota recibida e os comentarios achegados polo(a) profesor(a).


Cando o profesorado entra na pantalla de cualificación das tarefas (Ver/cualificar todas as entregas), pode acceder ao **editor PDF** que está integrado no EVA, premendo en primeiro lugar na icona "**Cualificación**".

tarafa offline

Acción sobre as cualificacións

Centro educativo	Estado	Cualificación	Editar	Última modificación (entrega)	Text
	Entregado para cualificacións			Mércores, 5 de Decembro do 2018, 22:05	

A continuación, deberá pulsar sobre la opción “**Lanzar o editor PDF**” que se muestra como un enlace na parte inferior da pantalla de cualificación de cada tarefa entregada polos alumnos.



Cualificación

Cualificación

Cualificación fora de 100 ?

Cualificación actual no libro de cualificacións -

Comentarios

Párrafo ▼ B I      

Ruta: p

Anotación PDF ? Lanzar o editor PDF

Notify students Si ▼

[Guardar os cambios](#) [Cancelar](#)

Con esta acción iníciase o editor PDF abrindo automáticamente en pantalla o ficheiro PDF entregado polo alumno para esta tarefa. Na parte superior do editor PDF aparece a **barra de ferramentas** que inclúe botóns que nos permiten insertar texto, introducir trazos, incorporar figuras, resaltar determinadas partes do contido, debuxar, ... etc.

Todas as anotacións realizadas con este editor por parte do profesor/a da materia gárdanse automáticamente.



Cando o profesorado xa cualificou a tarefa, o alumnado poderá visualizar o seu PDF modificado polo/a profesor/a, pulsando sobre a opción "**Ver PDF con anotacións**", que aparece na parte inferior da pantalla da entrega da tarefa.

Editar o meu envío

Realizar cambios na entrega

Ver PDF orixinal entregado polo/a alumno/a

Comentarios

Anotación PDF

 1524612_0.pdf

Ver pdf con anotacións...

**Ver PDF coas anotacións
do/a profesor/a**

5.7. Creación de cuestionarios


Creación de cuestionarios



Para que serve o cuestionario?

O cuestionario permite ao profesor crear diversas probas que comprenden preguntas de varios tipos como por exemplo a escolla múltiple, a coincidencia, a resposta curta, a resposta numérica, ... etc.

Neste tipo a actividade (cuestionario) a cualificación calcúlase automaticamente, de maneira que pode servirle ao alumno como autoavaliación e o profesor pode usala para realizar o clásico exame aos alumnos.



Como se crea un cuestionario?

1. Desde a páxina principal do curso, activar a edición.
2. No tema que se desexes, pulsar sobre " **Engadir unha actividade ou un recurso**".
3. Seleccionar o tipo de actividade "**Cuestionario**".
4. Finalmente, pulsar o botón "**Engadir**".

Un **cuestionario** inclúe diversas opcións configurables ordenadas por apartados, entre as que destacamos as seguintes:

Xeral

Nome = Introduce un nome como título para este cuestionario.

Descrición = Introduce un pequeno texto descriptivo para definir esta proba.

Sincronización

Permite escoller as datas de comenzo e peche do cuestionario.

Comportamento da pregunta

- **Barallar entre as preguntas** = De estar activado, as partes que crean cada pregunta barallaranse aleatoriamente cada vez que un alumno intente a proba, fornecendo a opción tamén está activada na configuración de preguntas. Esta configuración aplícase a cuestións que teñen múltiples partes, tales como escollo múltipla ou preguntas coincidentes.
- **Como se comportan as preguntas** = Os alumnos poden interactuar coas preguntas na proba de varias maneira diferentes. Por exemplo, pode querer que os alumnos introduzan unha resposta para cadansúa pregunta e logo entregar a proba enteira, antes de cualificar nada ou de que eles teñan comentarios. Iso poderíamos chamalo modo de "**Comentario diferido**" (Deferred feedback).
Alternativamente, pode querer que os alumnos entreguen cada pregunta según vaian avanzando para obter comentarios inmediatos e se non o conseguen facer correctamente, que teñan outro intento cunha puntuación menor. Iso poderíamos chamalo modo «**Interactivo con múltiples intentos**».
Os dous anteriores ("**Comentario diferido**" e "**Interactivo con múltiples intentos**") son probabelmente os dous modos de comportamento máis comúnmente usados.
O "**Modo adaptativo**" permite ao alumno dar varias respostas a unha pregunta nun mesmo intento. Por exemplo, se a resposta é incorrecta, o alumno pode dar outra resposta inmediatamente aplicándose unha penalización que se restará da puntuación total por cada intento equivocado.
O "**Modo adaptativo sen penalizacións**" é igual que o anterior pero non se aplican penalizacións.
- **Cada intento constrúese sobre o último** = De estaren os intentos múltiples permitidos e esta configuración activa, cada novo intento conterá os resultados do intento previo. Isto permite completar unha proba en varios intentos.

Opcións de revisión

Estas opcións controlan que información poden ver os alumnos cando revisan un intento da proba ou observan os informes da proba.

- **Durante o intento.** Esta configuración soamente é relevante para algúns comportamentos como 'interactivo con múltiples intentos', os cales poden presentar retroalimentación durante o intento.

- **Inmediatamente despois do intentos.** Esta configuración aplícase nos primeiros dous minutos despois de facer clic sobre 'Entregar todo e finalizar'.
- **Despois, mentres a proba está aínda aberta.** Esta configuración aplícase despois disto, e antes de que a proba se achegue á data de peche.
- **Despois de que a proba estea pechada.** Esta configuración aplícase despois de que a proba pase a data de peche. Se a proba non ten unha data próxima, este estado nunca se acada.

Retroalimentación xeral

A retroalimentación xeral é un texto que se amosa despois de feito un intento. Ao especificar extremos de cualificación adicionais (como unha porcentaxe ou un número), o texto amosado dependerá depender da cualificación obtida en función do número (cualificación numérica) ou da porcentaxe (cualificación porcentual).

6.1. Xeneralidades da avaliación

Xeneralidades da avaliación



Na plataforma online do EVA, se un docente accede a unha das súas materias pode obter: as cualificacións dos estudantes en cada unha das actividades da materia, o cálculo da cualificación obtida nas distintas avaliacións e a cualificación final do alumnado. Ao mesmo tempo, vai a poder modificar as distintas cualificacións mostradas de cada estudante para adaptarse á cualificación que considere o docente.


Como vantaxe, permite facilitar a configuración da materia, guiando ao profesorado a través dos distintos pasos que son necesarios para o correcto funcionamento do módulo, facilitando a personalización dos criterios de cualificación.

Neste tema descubriremos o uso e as configuracións necesarias do EVA para o correcto uso da mellora da xestión das “Cualificacións”:

- Configuración de criterios de avaliación (primeira vez e posteriores)
- Xestionar as cualificacións (libro de cualificacións)
- Informe para o alumno

Podemos acceder ao módulo de avaliación por dúas vías diferentes:

1. Desde a banda superior de menús, pulsando sobre a icona "**Cualificacións**"



2. Desde o bloque de menú "**Administración da materia**", pulsando sobre o menú "**Cualificacións**"

Administración



▼ Administración da materia

 [Activar edición](#)

 [Editar a configuración](#)

▶ [Usuarios](#)

 [Filtros](#)

▶ [Informes](#)

▶ [Cualificacións](#)

▶ [Distincións](#)

 [Copia de seguranza](#)

 [Restaurar](#)

 [Importar](#)

 [Restablecer](#)

▶ [Banco da pregunta](#)

▶ [Mudar o papel para...](#)

▶ [Configuración do meu perfil](#)

▶ [Administración do sitio](#)

6.2. Configuración dos criterios de avaliación

Configuración dos criterios de avaliación



O módulo de cualificacións está estruturado, en modo guiado, co obxectivo de facilitar o seu uso. A continuación explícanse os distintos pasos a realizar (a configuración de criterios é necesaria para realizar a xestión de cualificacións).

Para comezar coa configuración de criterios, hai que situarse no apartado “**Cualificacións > Configurar criterios**”, dentro do menú de “**Administración da materia**”.



Ao acceder por primeira vez, sen realizar antes ningunha configuración previa, móstrase a seguinte pantalla:



Prémese no botón “Empezar a configurar en modo guiado”. No comezo da configuración dos criterios no modo guiado, indicárase o paso no que se está en todo momento e cales están activos.

Nota: Pódese acceder ao modo avanzado, premendo na pestana “Máis”.

1. Crear avaliacións

Neste paso pódense dar os seguintes casos:

1. Existen creadas máis de tres avaliacións.
2. Existen creadas tres avaliacións.
3. Non existen avaliacións creadas.

1. Hai un número de avaliacións creadas distinto de tres. Para este caso, hai que engadir ou eliminar avaliacións ata ter exactamente tres. Nesta situación, non se permitirá continuar en modo guiado ata que o se modifique. Ver as indicacións en pantalla para realizar os cambios.

Paso 1: Primeiro deberá crear as avaliacións
Se pola contra, vostede quere ir ao modo avanzado premea [aquí](#)

▼ Categoría de cualificación

Categoría	Avaliación 1	Media ponderada simple de cualificac	100,00
O sistema non pode determinar se é unha avaliación ou non			
Categoría	Avaliación 2	Media ponderada simple de cualificac	100,00
O sistema non pode determinar se é unha avaliación ou non			
Categoría	Avaliación 3	Media ponderada simple de cualificac	100,00
O sistema non pode determinar se é unha avaliación ou non			
Categoría	Categoría extra	Media ponderada simple de cualificac	100,00
Categoría especial para aloxar todas aquelas actividades que xeran unha nota pero desexa excluílas das avaliacións			
(Novo) Categoría	Non Avaliable	Media ponderada de cualificacións	0,00

A actual configuración das cualificacións non se adapta a este sistema guiado de definición de criterios. Debe de ir ao [Modo avanzado](#) e facer os axustes que crea convenientes.
Recoméndase ou borrar as actuais categorías ou definir exclusivamente 3 categorías, unha por avaliación.

2. Están creadas tres avaliacións. Nesta situación, indícase que se vai a crear a categoría por defecto que se denomina “**Non Avaliable**”, nesta categoría, asignaranse aquelas actividades que non se van a ter en conta para o cálculo da cualificación.

Configurar criterios
Mais

Pasos:
1 Avaliacións
2 Aspectos
3 Asignar actividades
4 Revisar configuración

Paso 1: Primeiro deberá crear as avaliacións

Se pola contra, vostede quere ir ao modo avanzado prema [aquí](#)

▼ Categoría de cualificación

Categoría	Avaliación 1	Media ponderada simple de cualificac	100,00
Categoría	Avaliación 2	Media ponderada simple de cualificac	100,00
Categoría	Avaliación 3	Media ponderada simple de cualificac	100,00
Categoría especial para aloxar todas aquelas actividades que xeran unha nota pero desexa excluílas das avaliacións			
(Novo) Categoría	Non Avaliable	Media ponderada de cualificacións	0,00

Detectouse que hai avaliacións cunha nota máxima diferente a 10 ou un método de agregación distinto a Media ponderada de cualificacións. Procedemos a corrixilo?

Gardar novas configuracións
Cancelar

3. Non hai avaliacións creadas con anterioridade. Para este caso indícase que se van a crear tres avaliacións e unha categoría por defecto que se denomina “Non Avaliable”, nesta categoría asignaranse aquelas actividades que non se van a ter en conta para o cálculo da cualificación.

Configurar criterios
Máis

Pasos:
1 Avaliacións
2 Aspectos
3 Asignar actividades
4 Revisar configuración

Paso 1: Primeiro deberá crear as avaliacións

Se pola contra, vostede quere ir ao modo avanzado preme [aquí](#)

▼ Categoría de cualificación

(Novo) Categoría	Avaliación 1	Media ponderada de cualificacións	10,00
(Novo) Categoría	Avaliación 2	Media ponderada de cualificacións	10,00
(Novo) Categoría	Avaliación 3	Media ponderada de cualificacións	10,00
Categoría especial para aloxar todas aquelas actividades que xeran unha nota pero desexa excluílas das avaliacións			
(Novo) Categoría	Non Avaliable	Media ponderada de cualificacións	0,00

Gardar novas configuracións
Cancelar

Unha vez que valide que é correcto, hai que premer no botón “**Gardar configuracións**”. Isto fai que se active o **paso 2 (Aspectos)**. Poderanse editar os nomes das categorías creadas, en calquera momento volvendo a este paso.

2. Crear aspectos

Neste apartado pódense crear aspectos cun determinado peso para cada unha das avaliacións. Este paso pódese saltar e ir directamente ao paso 3. Os aspectos pódense engadir en calquera momento.

1. Se se crean aspectos, temos que asignarlles un peso igual a 100 ou igual a 10, no caso de que o peso sexa inferior ou superior, indicárase que o peso asignado non é o correcto e non deixará crear os aspectos. Para engadir máis de tres aspectos, hai que premer no botón “**Engadir unha fila máis**”.

Pasos:
1 Avallacións
2 Aspectos
3 Asignar actividades
4 Revisar configuración

Se xa definiu todos os aspectos que quere utilizar: Xa pode acceder ao Paso 3

Cancelado As suma de ponderacións é distinta de 10 puntos ou 100%, no seu caso é 9

Se a cualificación do alumnado está desglosada por aspectos, nesta páxina pode configurar a ponderación. Un exemplo sería:

- Probas de asimilación de contidos 55% ou 5.5 puntos
- Realización de tarefas 30% ou 3 puntos
- Presentación de cadernos 10% ou 1 punto
- Tarefas voluntarias 5% ou 0.5 puntos

Se vostede non vai utilizar aspectos, prema para ir ao seguinte paso

▼ Incluir novos aspectos

	Nome	ponderación ?
Aspecto	Probas de asimilacion de contidos	5
Aspecto	Realización de tarefas	3
Aspecto	Presentación de cadernos	1

Cando o peso sexa o correcto, indicaranse que os aspectos se crearon correctamente para cada unha das avaliacións. Poderanse engadir ou editar aspectos en calquera momento neste paso. Para iso, é necesario premer no botón correspondente de “Engadir novos aspectos” ou “Editar aspectos”.

Pasos:

1 Avaliacións
2 Aspectos
3 Asignar actividades
4 Revisar configuración

Se xa definiu todos os aspectos que quere utilizar. Xa pode acceder ao [Paso 3](#)

actualizado A cada unha das avaliacións incorporáronselles os aspectos definidos

Engadir novos aspectos

Editar aspectos

▼ Relación de aspectos

- Avaliación 1
 - (1) Probas de asimilacion de contidos 5,00 (5,00 puntos)
 - (1) Realización de tarefas 4,00 (4,00 puntos)
 - (1) Presentación de cadernos 1,00 (1,00 puntos)
- Avaliación 2
 - (2) Probas de asimilacion de contidos 5,00 (5,00 puntos)
 - (2) Realización de tarefas 4,00 (4,00 puntos)
 - (2) Presentación de cadernos 1,00 (1,00 puntos)
- Avaliación 3
 - (3) Probas de asimilacion de contidos 5,00 (5,00 puntos)
 - (3) Realización de tarefas 4,00 (4,00 puntos)
 - (3) Presentación de cadernos 1,00 (1,00 puntos)
- Non Avaliable

Se non se queren crear aspectos, prémese no botón “[Se vostede non vai utilizar aspectos, prema para ir ao seguinte paso](#)” e pasamos ao paso 3.

Pasos: **1** Avaliacións **2** Aspectos **3** Asignar actividades **4** Revisar configuración

Se xa definíu todos os aspectos que quere utilizar. Xa pode acceder ao Paso 3

Se a cualificación do alumnado está desglosada por aspectos, nesta páxina pode configurar a ponderación. Un exemplo sería:

- Probas de asimilación de contidos 55% ou 5.5 puntos
- Realización de tarefas 30% ou 3 puntos
- Presentación de cadernos 10% ou 1 punto
- Tarefas voluntarias 5% ou 0.5 puntos

Se vostede non vai utilizar aspectos, prema para ir ao seguinte paso

▼ Incluir novos aspectos

	Nome	ponderación ?
Aspecto		0
Aspecto		0
Aspecto		0

Engadir unha fila máis

3. Asignar actividades

Neste paso, hai que indicar que actividades pertencen a cada unha das avaliacións ou aspectos creados.

A asignación de actividades pódese realizar a nivel de tema (botón “Propagar”), ou individual (realizando a selección a nivel de actividade).

Se se queren asignar todas as actividades dun mesmo tema, (ex: tema 1. Os seres vivos) a unha avaliación ou a un aspecto (ex: Avaliación 1), seleccionase e prémese no botón de “Propagar”.

Actividade	Avaliación	
Creadas manualmente		
Asignar a:	<button>Engadir actividade con valoración manual</button>	
Espazo de la asignatura Ciencias da Natureza 5º	Asignar a:	<button>Propagar</button>
1. Os seres vivos	Asignar a:	<button>Propagar</button>
Introducción	Avaliación 1	
SERES VIVOS	(1) Probas de asimilación de contidos	
	(1) Realización de tarefas	
	(1) Presentación de cadernos	
2. As plantas - Alumno	Avaliación 2	<button>Propagar</button>
2. As plantas	(2) Probas de asimilación de contidos	
	(2) Realización de tarefas	
	(2) Presentación de cadernos	
PLANTAS	Avaliación 3	
	(3) Probas de asimilación de contidos	
	(3) Realización de tarefas	
	(3) Presentación de cadernos	
2. As plantas - Alumno	Non Avaliable	

Desta maneira, todas as actividades que pertencen a ese tema, quedan asignadas á mesma avaliación.

1. Os seres vivos	Avaliación 1	<button>Propagar</button>
Introducción	Avaliación 1	
SERES VIVOS	Avaliación 1	

Pódense asignar de forma individual as distintas actividades a unha avaliación ou a un aspecto. Ao mesmo tempo, identifícase facilmente que actividade pertence a cada avaliación pola cor identificativa que ten cada unha das avaliacións. No caso de engadir unha actividade que non conte para calcular a cualificación do estudante, asígnase esa actividade á categoría “Non avaliable”.

Espazo de la asignatura Ciencias da Natureza 5º		Asignar a:	Propagar
1. Os seres vivos		Asignar a:	Propagar
Introducción			(1) Presentación de cadernos
SERES VIVOS			(1) Realización de tarefas
2. As plantas - Alumno		(2) Realización de tarefas	Propagar
2. As plantas			(2) Realización de tarefas
PLANTAS			(2) Realización de tarefas
2. As plantas - Alumno			(2) Realización de tarefas
5. Os ecosistemas - Alumno		(3) Presentación de cadernos	Propagar
5. Os ecosistemas - Alumno			(3) Presentación de cadernos

Tamén se poden engadir actividades creadas manualmente para rexistrar cualificacións e que se teñan en conta á hora de calcular a cualificación do estudante. Primeiramente seleccionase o aspecto ou a avaliación que se lle vai a asignar e prémese no botón “Engadir actividade con valoración manual”.

Actividade	Avaliación
Creadas manualmente	
Asignar a:	Engadir actividade con valoración manual
Asignar a:	
Avaliación 1	
(1) Probas de asimilación de contidos	Asignar a:
(1) Realización de tarefas	
(1) Presentación de cadernos	
Avaliación 2	Asignar a:
(2) Probas de asimilación de contidos	
(2) Realización de tarefas	
(2) Presentación de cadernos	(1) Presentación de cadernos
Avaliación 3	
(3) Probas de asimilación de contidos	(1) Realización de tarefas
(3) Realización de tarefas	
(3) Presentación de cadernos	(2) Realización de tarefas
Non Available	Propagar

Introdúcese a configuración do ítem e gárdanse os cambios.

▼ Elemento de cualificación

Nome do elemento

Examen primeira avaliación

Tipo de cualificación ?

Valor ▼

Escala ?

Non usar escala ▼

Cualificación máxima ?

100,00

Cualificación mínima ?

0,00

Agochado ?

☐

Bloqueado ?

☐

Amosar máis

▼ Categoría principal

Categoría de cualificación

Avaliación 1 ▼

Gardar modificacións

Cancelar

O novo ítem creado visualízase no apartado de “Creadas manualmente” na listaxe de actividades.

Actividade	Avaliación
Creadas manualmente	
Examen primeira avaliación ✖	Avaliación 1 ▼
Asignar a: Engadir actividade con valoración manual	

Os ítems creados poderanse eliminar pulsando na icona con forma de 'x'. Cada vez que se engada novo contido á materia é convinte volver a este paso, para asignar ese contido, a unha avaliación ou aspecto. Unha vez finalizada a asignación, prémese no botón “Gardar cambios” para activar o paso 4.

4. Revisar configuración

Neste paso visualízase o resultado da configuración anterior e unha simulación da cualificación obtida na avaliación.

[Ver criterios](#)
[Editar criterios](#)
[Ordenar criterios](#)

▼ Relación dos criterios definidos

Lendas: **COEF** ponderación **?** **MAX** Cualificación máxima **SIMUL** Cualificación simulada **?**

	Agregación ?	COEF	MAX	SIMUL
Avaliación 1	Media ponderada de cualificacións	3,33	10,00	6,00
(1) Probas de asimilación de contidos	Media de cualificacións	5,00	100,00	60,00
✓ SERES VIVOS			10,00	6,00
(1) Realización de tarefas	Media de cualificacións	4,00	100,00	60,00
☑ Examen primeira avaliación			10,00	6,00
(1) Presentación de cadernos	Media de cualificacións	1,00	100,00	60,00
🎨 Introducción			100,00	60,00
Avaliación 2	Media ponderada de cualificacións	3,33	10,00	6,00
(2) Probas de asimilación de contidos	Media de cualificacións	5,00	100,00	60,00
✓ PLANTAS			10,00	6,00
(2) Realización de tarefas	Media de cualificacións	4,00	100,00	60,00
🏠 2. As plantas			100,00	60,00
(2) Presentación de cadernos	Media de cualificacións	1,00	100,00	60,00
🏠 2. As plantas - Alumno			100,00	60,00
Avaliación 3	Media ponderada de cualificacións	3,33	10,00	0,60

As accións dispoñibles neste paso son as seguintes:

- **Ver criterios:** premendo neste botón, accédese á vista, onde se mostra o resumo da configuración realizada.
- **Editar criterios:** neste botón de acción actívanse varios campos editables. Se a avaliación é de tipo “Media ponderada de cualificacións” (tipo de agregación co que se crean por defecto) poderase cambiar o peso da avaliación (cun máximo sobre 10). Nas actividades creadas manualmente (se non están asignadas a un aspecto), permítese editar o peso e a cualificación máxima.
- **Ordenar criterios:** este botón utilizarase no caso de que se creen actividades manualmente e aparezan desordenadas. Ao premer neste botón, as actividades manuais colócanse na avaliación á que foron asignadas.

▼ Configurar ponderaciones, nota máxima


	Agregación ?	Peso ?	Cualificación máxima
 Avaliación 1	Media ponderada de cualificacións	3,33	10,00
 (1) Probas de asimilación de contidos	Media de cualificacións	5,00	100,00
 SERES VIVOS			10,00
 (1) Realización de tarefas	Media de cualificacións	4,00	100,00
 (1) Presentación de cadernos	Media de cualificacións	1,00	100,00
 Introducción			100,00
 Examen primeira avaliación		1,00	10,00
 Avaliación 2	Media ponderada de cualificacións	3,33	10,00
 (2) Probas de asimilación de contidos	Media de cualificacións	5,00	100,00
 PLANTAS			10,00
 (2) Realización de tarefas	Media de cualificacións	4,00	100,00

6.3. Xestión das cualificacións

A xestión das cualificacións




Neste apartado veremos como podemos realizar unha serie de personalizacións (é imprescindible realizar con anterioridade a configuración de criterios) na configuración das cualificacións dos nosos alumnos.



Ao acceder a “**Xestión de Cualificacións**” pódese ver a listaxe de estudantes matriculados nese curso e as súas cualificacións. Poderemos seleccionar dous tipos distintos de visualización das cualificacións, agrupadas por estudante ou agrupadas por avaliación.

Xestionar cualificacións: Cualificacións por alumno/a




No caso de ter actividades sen asignar a avaliacións, pódese continuar sen problemas pero aparecerá a seguinte mensaxe:

Existen actividades sen asignar a avaliacións


[Configurar](#)

Poderase acceder á configuración de criterios e modo avanzado en calquera momento, accedendo á pestana “Máis”.



Cualificacións por alumno

Se se opta por xestionar as cualificacións con esta agrupación, hai premer no nome dun estudante para que se despreguen as avaliacións da materia e as actividades asociadas a cada unha delas coas súas cualificacións correspondentes. Pódese seleccionar unha avaliación para que se despregue por defecto ao pulsar no nome dun alumno.



Para editar a cualificación, hai que premer na seguinte icona:

Alumno/a	Comentarios para o/a alumno/a	Nota
▶ Alumno Pruebas Abalar 1ESO		 -
▶ Alumno Pruebas Abalar 2ESO		 -
▼ Alumno Pruebas Abalar 5ep		 -
▼ <u>Avaliación 1</u>		-
▼ (1) Probas de asimilación ...		-
 SERES VIVOS		-
▼ (1) Realización de tarefas		-
▼ (1) Presentación de cademos		-
 Introducción		-

Tan pronto como se active o modo edición, actívanse os distintos campos. A función de cada un deles é a seguinte:

Campos de texto (Columna comentarios para o/a alumno/a): Campos de texto que se activan á beira do nome do estudante, das avaliacións e dos aspectos creados. Isto permite engadir un comentario para cada un deles.

Alumno Pruebas Abalar 5ep			
Avaliación 1			
(1) Probas de asimiliación ...			
☒ SERES VIVOS			
(1) Realización de tarefas			
☒ Examen primeira avaliación			
(1) Presentación de cadernos			

Campos de texto (Columna de notas): Pódense modificar as cualificacións finais do estudante, da avaliación e do aspecto. Para efectuar o cambio hai que introducir a nota manual e premer no botón “Actualizar”.

Alumno Pruebas Abalar 5ep			
Avaliación 1			
(1) Probas de asimiliación ...			
☒ SERES VIVOS			
(1) Realización de tarefas			
☒ Examen primeira avaliación			
(1) Presentación de cadernos			

Se se modifica unha nota manualmente, aparecerá o indicador (*) á beira da nota modificada para identificala.

Nota

☒ 6,00

Saír do modo edición: Ao facer un clic na icona da flecha curvada vólvese por alumno/a sen campos editables.

Entrar na edición dunha cualificación: Ao facer un clic na icona do lápiz accédese á configuración máis avanzada dispoñible do ítem.

Cualificacións por avaliación

Se se opta por xestionar as cualificacións con esta agrupación, hai que premer no nome dunha avaliación. Se temos aspectos creados, hai que premer no nome dun aspecto e finalmente no nome dunha actividade para que despregar os nomes dos estudantes matriculados/as nesa materia e ver as notas. Para editar a nota hai que premer na seguinte icona:

Categoría	Comentarios para o/a alumno/a	Nota
▼ Avaliación 1		
▼ (1) Probas de asimilación ...		
▼  SERES VIVOS		
Alumno Pruebas Abalar 1ESO		-
Alumno Pruebas Abalar 2ESO		-
Alumno Pruebas Abalar 5ep		-
Alumno Pruebas Abalar 6EP		-

Neste caso, só hai que ter dispoñibles, os campos de texto de “Comentario para o/a alumno/a” e de edición de “Nota” para unha actividade creada manualmente.

▼  Examen primeira avaliación		
Alumno Pruebas Abalar 1ESO		
Alumno Pruebas Abalar 2ESO		
Alumno Pruebas Abalar 5ep		
Alumno Pruebas Abalar 6EP		

Exportar

Ao entrar neste apartado, poderase previsualizar o contido que se vai a exportar no ficheiro, para realizar a exportación hai que pulsar o botón “Descargar”, desta maneira créase un ficheiro en formato .ods coas cualificacións de cada un dos alumnos en cada unha das avaliacións e actividades da materia.

Exportar Cualificacións por alumno/a

Cualificacións por alumno/a

Cualificacións por avaliación

Exportar

Exportar

Descargar

Vista previa das filas


Nome	Apellido	Suspensos	Total da materia	Avaliación 1	Avaliación 2	Avaliación 3
Alumno Pruebas	Abalar 5ep		8.00	-	-	5.00
Alumno Pruebas	Abalar 6EP		-	0.50	0.60	0.80

6.4. Informe de avaliación para o alumno


Informe de avaliación para o alumno



Para acceder a este apartado, hai que situarse no apartado “**Cualificacións > Informe do usuario**”, dentro do menú de “**Administración da materia**”.



Ao acceder a este apartado situámonos na pestana “**Informe para o alumno**”, neste apartado pódese seleccionar un alumno en concreto ou todos os alumnos, ao seleccionar no selector o nome dun alumno pódese ver a información dese alumno sobre esa materia e a puntuación obtida nas actividades e nas avaliacións.



Informe para o alumno

Informe para o alumno
Libro cualificacións do alumno
Máis ▾

Seleccionar todos ou un usuario Alumno Pruebas Abalar 5ep ▾

Alumno Pruebas Abalar 5ep

Elemento de cualificación	Cualificación	Intervalo	Comentarios
Lingua Galega e Literatura	8,00	0-100	
Avaliación 1	-	0-10	
Avaliación 2	-	0-10	
Avaliación 3	5,00	0-10	

Se se seleccionan todos os alumnos, verase esta información pero para todos os alumnos da materia.

Informe para o alumno

Informe para o alumno
Libro cualificacións do alumno
Máis ▾

Seleccionar todos ou un usuario Todos os usuarios (2) ▾

Alumno Pruebas Abalar 5ep

Elemento de cualificación	Cualificación	Intervalo	Comentarios
Lingua Galega e Literatura	8,00	0-100	
Avaliación 1	-	0-10	
Avaliación 2	-	0-10	
Avaliación 3	5,00	0-10	

Alumno Pruebas Abalar 6EP

Elemento de cualificación	Cualificación	Intervalo	Comentarios
Lingua Galega e Literatura	-	0-100	
Avaliación 1	0,50	0-10	
Avaliación 2	0,60	0-10	
Avaliación 3	0,80	0-10	

Na pestana “Libro cualificacións do alumno”, hai que seleccionar unha materia de referencia e un alumno desa materia, para poder ver as notas globais nas materias na que o usuario co rol profesor é o docente e ese alumno seleccionado está matriculado.

Libro cualificacións do alumno

Informe para o alumno

Libro cualificacións do alumno

Máis ▾

Escolla unha materia de referencia

>> 6º A >> Curso

Escolla un alumno da materia

Alumno Pruebas Abalar 5ep ▾

Alumno Pruebas Abalar 5ep

Nome da materia	Cualificación	Profesor
Lingua Galega e Literatura	8,00	Profesor MLRL AEIPOF

Na última pestana dispoñible neste apartado poderase acceder ao resto de apartados:



6.5. A avaliación con rúbricas

A avaliación con rúbricas



As "**Rúbricas**" son métodos avanzados de cualificar usados para a avaliación baseada en criterios, que poden ser aplicadas ás "**tarefas**". A **rúbrica** consiste nun conxunto de criterios, no que para cada criterio porporciónanse varios niveis descritivos e asígnase unha cualificación numérica e/ou nominal a cada un destes niveis. O avaliador elixe que nivel contesta/describe mellor o criterio dado.

Como cualificar unha rúbrica

En principio, cada profesor pode realizar a cualificación da súa propia rúbrica como estime máis oportuno. De todas formas, existe un método estandarizado de cualificación de rúbricas que describimos a continuación.

A cualificación global normalizada calcúlase como a suma da nota obtida en cada criterio menos o valor mínimo posible, e todo isto dividido entre a suma do valor máximo posible menos o mínimo posible en cada criterio.

Este concepto entenderáse mellor cun **exemplo** (**ver a rúbrica de exemplo**):

Supoñamos que a nosa rúbrica ten **4 criterios** (Requisitos, Contidos, Organización, Orixinalidade), todos eles con **4 niveis** (Excelente, Ben, Regular, Deficiente) cuxas puntuacións van do **1** ao **4**.

As notas que obtivo o noso alumno de exemplo en cada criterio son 3, 1, 4 e 4 puntos respectivamente. Polo tanto, a cualificación obtida sería:

- **Numerador:** $(3 - 1) + (1 - 1) + (4 - 1) + (4 - 1) = 8$
- **Denominador:** $(4 - 1) + (4 - 1) + (4 - 1) + (4 - 1) = 12$
- **Total:** $8/12 = 0,6$

Neste exemplo, se a nota máxima da **arefa** fose de **10 puntos**, o alumno obtería unha cualificación total de **6 puntos**.

Exemplo de rúbrica

	Excelente (4)	Ben (3)	Regular (2)	Deficiente (1)
Requisitos	Cumple todos os requisitos e incluso excede as expectativas.	Cumple todos os requisitos.	Non cumple satisfactoriamente con algún requisito.	Varios requisitos non se cumplen satisfactoriamente.

Contidos	Cubre todos os temas en profundidade con detalles e exemplos. O coñecemento do tema é excelente.	Inclúe coñecemento básico sobre o tema. O contido parece ser bastante bo.	Inclúe a información básica sobre o tema, pero ten algún erro.	O contido é mínimo e presenta varios erros.
Organización	Contido ben organizado usando adecuadamente os elementos de clasificación.	Usa elementos de clasificación e organización pero o conxunto aparenta certo desorde.	A maior parte do contido está organizado.	A organización non é clara ou non é lóxica. Demasiadas partes sen organizar.
Orixinalidade	O resultado demostra gran orixinalidade. As ideas son creativas e inxeniosas.	O resultado demostra certa orixinalidade. O traballo demostra perspicacia e novas ideas.	Usa ideas de outros, recoñecendo aos autores, pero case non hai evidencias de ideas orixinais.	Usa ideas de outros e non recoñece aos autores.

O editor de rúbrica

O editor de rúbrica está dispoñible como método de cualificación para as actividades de tipo "**Tarefa**", no formulario de configuracións da **tarefa**. Polo tanto, o primeiro paso para utilizar unha rúbrica será seleccionaremos "Rúbrica" como método de avaliación no formulario de creación da propia **tarefa**.

▼ Cualificación

Cualificación 10

Método de cualificación ? **Rúbrica**

Categoría de cualificación ? Sen categoría


Corrección cega ? Non

Usar o fluxo de traballo de corrección ? Non

Usar asignación de corrector ? Non



Para acceder ao editor da rúbrica, en primeiro lugar seleccionamos a tarefa que xa está creada e a continuación pulsamos sobre o menú "**Administración de tarefas** -> **Cualificación avanzada** -> **Definir rúbrica**" do "**bloque Administración**".



O **editor de rúbricas** permite configurar o **nome** da rúbrica, a **descrición** así como a propia rúbrica. Este editor permite engadir novos **criterios** e **niveis**, eliminalos e cambiar o orden dos criterios. Hai varias opcións nas rúbricas que poden configurarse tamén. Para cada criterio, debe cumplimentarse a descrición do criterio e para cada nivel, debe especificarse a definición do propio nivel e o número de puntos asociados co nivel. A definición da rúbrica debe gardarse usando o botón de "**Gardar rúbrica e deixala rematada**" ou o botón de "**Gardar como versión preliminar**".

Nome*

Descrición

Ruta: p

Rúbrica

✕ <i>Prema para editar o criterio</i>	<i>Prema para editar o nivel</i> 0 puntos ✕	<i>Prema para editar o nivel</i> 1 puntos ✕	<i>Prema para editar o nivel</i> 2 puntos ✕	Engadir nivel
---------------------------------------	---	---	---	----------------------

+ Engadir criterio

Cando nunha tarefa escollemos a rúbrica como método de cualificación, temos a opción de crear unha nova desde cero ou reutilizar unha xa existente. Por defecto, só o administrador da [aula virtual \(Moodle\)](#) pode converter rúbricas en plantillas dispoñibles en todo o sitio para todos os profesores. Sen embargo, isto non implica que non poidamos reutilizar rúbricas creadas previamente por nós mesmos.

7.1. Funcionalidades básicas

Funcionalidades básicas



O entorno de Xeración de Contidos é a plataforma deseñada para crear contidos educativos integrada no proxecto e-Dixgal. Permite ao profesorado xerar recursos educativos de gran riqueza e a creación de unidades didácticas complementarias ó temario oficial.

A nova Ferramenta de Autor dota ao profesor de recursos para a creación de unidades didácticas complementarias ao temario oficial que favorezan o traballo diario tanto na aula, como fora dela.

Trátase dun área personalizada, adaptada aos perfís de “profesor”, que contempla o desenvolvemento das principais funcionalidades de xestión de proxectos nos que se inclúen unha secuencia organizada de contidos e exercicios que poderán ser publicados en entorno virtuais.



A nova “Ferramenta de autor para a xeración de contidos” integra as seguintes funcionalidades:

1. **Xeración de exercicios** de distinto tipo que poden ser utilizados como recurso complementario no Entorno Virtual de Aprendizaxe.

2. **Xeración de contidos** que poden ser enriquecidos con arquivos multimedia (imaxes, vídeos, audios, etc.). O profesor poderá achegar todo o contido estático que necesite para completar a información que necesita expoñer.
3. **Creación de proxectos** que se poderán configurar como unidades didácticas complementarias utilizando os exercicios e contidos creados previamente, conformando a ferramenta de interacción co estudante e co resto da comunidade.
4. Posibilidade de **publicar os proxectos** en formato [SCORM](#) directamente na plataforma e-Dixgal.
5. Capacidade para **compartir proxectos** e xerar un espazo común de traballo entre os profesores.

Módulos principais

A Ferramenta de Autor está composta por **tres grandes módulos** nos que se agruparán as diferentes funcionalidades que permitirán realizar as seguintes tarefas:

